



Academia Galega do Audiovisual

ESTATUTOS

30 de maio de 2025

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Coa denominación de “ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL”, constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, do sector audiovisual, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable

Art. 2 Personalidade e capacidade

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social na rúa Casa do Consulado, Praza Pintor Sotomayor s/n, 2º piso, C.P. 15001, A Coruña, teléfono 981227701, correo electrónico info@academiagalegadoaudiovisual.gal, páx. Web www.academiagalegadoaudiovisual.gal

Non obstante, poderá establecer toda clase de oficinas e dependencias en calquera localidade onde se estime conveniente para o mellor logro dos seus fins.

O cambio de domicilio social, incluso dentro do mesmo municipio, realizarase por acordo da asemblea xeral.

Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é: Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins

1. Son fins principais da asociación:

- a) Fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas directa ou indirectamente coa produción audiovisual en todos os seus subsectores, xéneros e formatos.
- b) Promover a garantía constitucional de acceso xeral á cultura e de participación directa da cidadanía na vida cultural a través do fomento das expresións artísticas audiovisuais e cinematográficas que conforman o patrimonio cultural material e inmaterial, a memoria e narración estética actual colectiva.
- c) Fomentar o exercicio do dereito fundamental de liberdade de produción e creación artística e técnica de carácter audiovisual e cinematográfica.
- d) Promover o coñecemento por parte de toda a sociedade, do valor patrimonial e simbólico da creación audiovisual galega mediante accións de interese xeral: educativas, de formación técnica, de investigación, difusión e promoción da produción audiovisual galega en tanto que constitúe un factor de desenvolvemento social e cultural minoritario e que contribúe á diversidade.
- e) Facilitar á Administración Pública informes e asesoramento sobre o estado, as necesidades e as materias relacionadas coas artes audiovisuais e cinematográficas galegas.
- f) Colaborar coas entidades públicas e privadas adicadas ao fomento da cultura nas súas manifestacións audiovisuais.
- g) Recoñecer o mérito e a contribución á sociedade galega e en xeral, á vida cultural das creadoras e creadores de obras audiovisuais e cinematográficas e os seus equipos técnicos mediante o outorgamento dos Premios anuais aos seus membros.



2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar entre outras as seguintes actividades a título enunciativo:

- a) Todas aquelas actividades que fomenten o interese xeral e estatutario definido no artigo anterior.
- b) Desenvolvemento e perfeccionamento das distintas especialidades relacionadas coa creación e a produción audiovisual e cinematográfica.
- c) Intercambio de experiencias entre os seus membros, a coordinación dos diferentes aspectos das súas actuacións e a análise dos problemas profesionais comúns.
- d) Establecemento de intercambios científicos e culturais con entidades similares.
- e) A posible concesión de premios a traballos sobre temas de investigación científica ou outros relacionados coa produción audiovisual en Galicia.
- f) Premiar e galardoar aos profesionais ou ás obras audiovisuais máis destacadas no exercicio das súas actividades artísticas ou profesionais, mediante a convocatoria anual dos premios do audiovisual galego "Premios Mestre Mateo", ou fórmula similar que no seu momento se determine.
- g) A promoción e defensa da imaxe pública do conxunto dos profesionais do sector audiovisual.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II

DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Requisitos

1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa física, ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación e ser profesional do sector audiovisual.

2. As persoas físicas deben ser maiores de idade.

3. Poderán adquirir a condición de persoa asociada as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos, que se deben considerar como cualificación profesional:

- a) Terse dedicado profesionalmente a actividades relacionadas co sector audiovisual como mínimo durante os tres anos previos á súa solicitude de admisión. No caso de estar en posesión dun título universitario de ciencias da información, ou da comunicación, ou técnico na actividade que desenvolva, o prazo anterior reducirase a un ano dende a data de obtención do título.
- b) Estar desenvolvendo unha actividade non descrita, pero que a xuízo da xunta directiva lle faga acreedora de adquirir a condición de asociada.

4. As persoas interesadas en adquirir a condición de asociadas de número deberán formalizar a súa solicitude por escrito dirixido á xunta directiva, que deberá resolver motivadamente nun prazo non superior a tres meses a contar a partir do seguinte ao da realización do escrito de solicitude, comunicando a resolución ao solicitante. Transcorrido dito prazo sen resolución expresa por parte da xunta directiva, entenderase denegada a admisión.

5. Denegada a admisión, o solicitante poderá recurrir no prazo dun mes a contar dende a súa notificación ou o fin do prazo. Dito recurso dirixirase á asemblea xeral que resolverá na primeira que se realice, por medio de votación, sendo preceptiva en ámbolos dous casos previa a audiencia do interesado.

6. A persoa física que queira adquirir a condición de asociada indicará na súa solicitude en que área das enumeradas a continuación está desenvolvendo a súa actividade. As áreas delimitaranse pola xunta directiva, comprendendo, a título enunciativo e non limitativo, as seguintes:

Produción: produción, produción executiva, dirección de produción, dirección financeira, xefatura de produción, xefatura de localizacións, secretaría de produción, axudantía de produción.



Dirección: dirección, realización, script, dirección de dobraxe, axudantía de dirección, rexeduría.

Escritura audiovisual: guionista, dialoguista, edición de guión, xornalista, crítica, historiadoras, comentaristas, docencia, asesoría, lingüista, tradución.

Interpretación: interpretación protagonista, interpretación secundaria, interpretación de reparto, interpretación pequenas partes, presentador/a, comunicador/a, interpretación de dobraxe, coreografía, bailaríns/as.

Arte: dirección artística, escenografía, decoración, rexeduría, atrezzo, construción decorados, deseño de vestuario, xefatura de vestuario, xastrería, maquillaxe, perruquería, efectos especiais de rodaxe, especialistas, axudantías.

Promoción: distribución, exhibición, asesorías, comerciais, técnicos de márketing, programación de televisión, dirección e xerencia de organismos, institucións, festivais, etc..

Fotografía: dirección de fotografía, operador/as de cámara, iluminación, DIT, xefatura de eléctricos, eléctricos, foquistas, maquinistas, fotografía de rodaxe, axudantía de cámara.

Música: composición, intérpretes musicais, letristas, arranxos.

Son: deseño de son, xefatura de son, sonidistas, pertiguistas, montaxe de son, técnicas/os de dobraxe, técnicas de son, axudantías.

Postproducción: montaxe, edición, técnicos efectos especiais dixitais, técnicos animación.

5. A xunta directiva poderá actualizar as categorías profesionais anteriores atendendo á evolución do sector. Tamén poderá asignar a unha persoa responsable de cada unha das áreas segundo a súa especialidade e procurará que as súas actuacións como persoas asociadas se adecúen preferentemente aos sectores relacionados coa súa especialidade. A persoa responsable pode ser tanto un dos membros da xunta directiva como un dos membros de número ou fundadores.

Artigo 8. Clases de persoas asociadas

1. Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de persoas asociadas:

- a) Fundadoras, aquelas que subscribiron a acta fundacional.
- b) De número, aquelas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) De honra, aquelas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeadas pola asemblea xeral.
- d) Colaboradoras, aquelas persoas físicas ou xurídicas que estean estreitamente vinculadas ó audiovisual e non cumpran os requisitos oportunos para ser membros de número.

2. Serán convidadas a ser socias de número as persoas premiadas nos distintos premios e galardóns que convoque a Academia, que non tiveran ostentado a condición de asociadas previamente e cumpran os demais requisitos establecidos nos presentes estatutos, quedando exentas do pagamento da cota o primeiro ano. Este prazo anual comezará a contar desde que se faga efectivo o convite.

Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada

1. A condición de persoa asociada pérdese:

- a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a xunta directiva e dirixida a secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.
- b) Por falta de pagamento das cotas correspondentes a un ano, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola xunta directiva, á persoa interesada.

A persoa que perdesa a súa condición de asociada polo suposto sinalado no parágrafo anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de cinco anos desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.



Unha vez transcorrido o prazo de cinco anos poderá ser rehabilitada, previa solicitude de admisión, na súa condición de asociada sen abonar as cotas pendentes de pago.

- c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- A expulsión de persoas asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola xunta directiva.

Artigo 10. Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación.
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- c) Participar nas asembleas con voz e voto.
- d) Recibir información da composición dos órganos de representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.
- f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- h) Recibir as publicacións periódicas da Academia.
- i) Colaborar nos traballos e debates das comisións de traballo cando así o acorde a xunta directiva.
- j) Asistir a todos os actos públicos que convoque a Academia.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

3. As persoas asociadas colaboradoras non poderán intervir na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta; non poderán votar nos premios convocados pola Academia; poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto.

Artigo 11. Obrigas

1. Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan.
- c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para as que foron elixidas.
- d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.

2. As persoas asociadas de honra e colaboradoras estarán exentas de pagar as cotas que de conformidade cos estatutos se establezan.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12. Organización da asociación

O órgano de goberno da asociación é a asemblea xeral e o órgano de representación é a xunta directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 13. Asemblea xeral

A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.



Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria

1. As reunións da asemblea xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias:

A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercicio económico.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, tantas veces o acorde a xunta directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas.

2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais no suposto de asemblea ordinaria e de tres días no de asemblea extraordinaria.

3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da asemblea.

Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

A asemblea Xeral poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas participantes poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunión a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da asociación.

Artigo 16. Facultades da asemblea xeral ordinaria

Serán competencias da asemblea xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da xunta directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da xunta directiva.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

Artigo 17. Facultades da asemblea xeral extraordinaria

Serán competencias da asemblea xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da asociación.
- c) Acordar a fusión da asociación.
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) As que sendo competencia da asemblea xeral ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- f) Tódalas non conferidas expresamente á asemblea xeral ordinaria ou a xunta directiva.

Artigo 18. Adopción de acordos

1. Os acordos da asemblea xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.



2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da xunta directiva
- b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas
- c) Disolución da asociación.
- d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- e) Disposición ou alleamento de bens.
- f) Remuneración das persoas que integran os órganos de representación.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

4. O dereito de voto poderase exercer por medio doutra persoa asociada que non poderá representar, a parte de si mesma, a máis dunha. A delegación de voto, que só se poderá realizar para unha asemblea concreta, deberá efectuarse por escrito pola persoa representada para cada asemblea.

Artigo 19. A xunta directiva: Composición

1. A xunta directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da asemblea xeral.

Estará formada por dez persoas: Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vogais, designados pola asemblea xeral entre as persoas asociadas, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

2. A duración do seu mandato será de dous anos, sen prexuízo da súa posible reelección. Non poderá ser proposto candidata/o, nin elixido para ser Presidente/a, quen desenvolvera tal cargo durante dous mandatos previos á elección. Tampouco será compatible o cargo de Presidente/a co desenvolvemento dun cargo político, dun posto de alta dirección en calquera das canles, plataformas dixitais, operadores de cable ou calquera tipo de cargo público.

3. Os cargos que compoñen a xunta directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

4. Os cargos da xunta directiva cesarán na súa función por:

- a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física.
- b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.
- c) Resolución xudicial.
- d) Renuncia voluntaria.
- e) Perda da condición de persoa asociada.
- f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova xunta directiva, aquela continuará en funcións ata a designación das novas persoas titulares.

5. De producirse vacantes, a xunta directiva poderá propoñer provisionalmente o nomeamento de Vogais para ocupar as vacantes que existan, que deberán ser ratificados na primeira asemblea que se convoque con posterioridade á designación. A xunta directiva estará asistida polo Secretario da Academia, que non terá a condición de Vogal e que exercerá as funcións previstas estatutariamente.

Artigo 20. Reunións e acordos

1. A xunta directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, as persoas titulares da presidencia e a secretaría ou as persoas que as substitúan.

3. Para que os acordos da xunta directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos das asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade da Presidencia.



4. A xunta directiva poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas titulares da xunta directiva poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunión a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da asociación.

Artigo 21. Facultades da xunta directiva

A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Executar os acordos da asemblea.
- d) Someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- e) Convocar e fixar as datas das asembleas.
- f) Propoñerlle á asemblea xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- g) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- h) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á asemblea xeral.
- i) Resolver as solicitudes de ingreso das persoas asociadas.
- j) Propoñer o plan de actividades da asociación á asemblea xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
- l) Elixir Vicepresidente primeiro e Vicepresidente segundo, e designar os cargos de Secretaría, Tesourería, Dirección, Xerencia e calquera outro cargo da Academia.

Artigo 22. Obrigas documentais

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada de persoas asociadas.
- b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Inventario dos seus bens.
- d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 23. Presidente/a

A persoa titular da presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a xunta directiva e a asemblea xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da xunta directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 24. Vicepresidente/a

A persoa titular da vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola xunta directiva ou pola asemblea xeral.



Artigo 25. Secretario/a

1. A persoa titular da secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace da presidencia, así como emitir informes.
- e) Redactar o inventario de bens da asociación.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

2. A persoa titular da secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da xunta directiva designado pola Presidencia.

Artigo 26. Tesoureiro/a

1. A persoa titular da tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola xunta directiva e a asemblea xeral.
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia.
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidencia.
- d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.
- e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola asemblea.
- f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

Artigo 27 Vogais

Terán as obrigas propias do seu cargo, e aquelas outras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

Artigo 28. Dirección Xeral, Xerencia, ou cargo similar.

1. A xunta directiva escollerá á persoa ou persoas que desempeñen os cargos de dirección xeral, xerencia ou cargo similar.

2. As persoas titulares da dirección xeral e/ou a xerencia teñen encomendado o funcionamento e desenvolvemento das actividades da Academia coas seguintes atribucións:

- a) Por delegación da presidencia, a representación da Academia en toda clase de actos e xestións.
- b) Promover as actividades encamiñadas ao cumprimento das fins da Academia, propoñendo á xunta directiva as solucións oportunas.
- c) Asistir ás sesións da xunta directiva e asemblea xeral con voz, pero sen voto, agás no caso de ser socio/a de número.
- d) Cumprir os acordos da asemblea xeral e a xunta directiva, segundo as instrucións dadas pola presidencia.
- e) Informar á xunta directiva do resultado e incidencias que se produzan na súa xestión.
- f) Dirixir todos os servizos da Academia.

3. A dirección xeral e/ou a xerencia ou cargo similar propoñerán á xunta directiva as áreas funcionais que desenvolvan as actividades da Academia.

4. Correspóndelle á dirección xeral e/ou á xerencia ou cargo similar a execución e a tramitación correspondente á contratación do persoal técnico administrativo e subalterno, axustándose en todo momento aos acordos aprobados pola xunta directiva.



CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Patrimonio inicial

A asociación no momento de iniciar as súas actividades carece de patrimonio fundacional. A vida económica da Academia acomodase ao réxime orzamentario. Os orzamentos serán anuais, cadrando a súa vixencia co ano natural. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 29. Recursos económicos

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a xunta directiva e sexan aprobadas pola asemblea xeral.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 30. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en asemblea.

2. A xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

Artigo 31. Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32. Regulamento de réxime interno

Por acordo da asemblea xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 33. Disolución

1. A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- b) Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

2. En caso de disolución, o patrimonio da asociación destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades



sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Artigo 34. Liquidación

1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
2. As persoas membros da xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadoras, salvo designación expresa de liquidadoras pola asemblea xeral ou por autoridade competente.
3. Corresponde as persoas liquidadoras:
 - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
 - b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - c) Cobrar os créditos da Asociación.
 - d) Liquidar o patrimonio e pagar as persoas acreedoras.
 - e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
 - f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrais.
4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia: Dña. Lucía Veiga López, titular da Presidencia, e D. Emilio Baños Castro, titular da Secretaría da Asociación Academia Galega do Audiovisual, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 30 de maio de 2025, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En A Coruña, a 26 de xuño de 2025

Asdo. Emilio Baños Castro
Secretario
Asoc. Academia Galega do Audiovisual

Asdo. Lucía Veiga López
Presidenta
Asoc. Academia Galega do Audiovisual

